

## **ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DO PREMIO ESCOLAR FRANCISCO TETTAMANCY 2022**

O día 15 de xuño ás 10 horas, na sala 2 do pazo provincial, reúnese o Xurado do Premio Escolar Francisco Tettamancy 2022, convocado pola Deputación da Coruña, coa asistencia das seguintes persoas, nomeadas pola RP 26735, do 3 de xuño de 2022:

María del Carmen Muíño Filgueira (delegada especial de políticas de igualdade e normalización lingüística), Agar Ledo Arias (telematicamente), José María Mesías Lema (presencialmente), Ángeles Díaz Seoane (presencialmente).

Preside o xurado María del Carmen Muíño Filgueira, de conformidade co artigo 23.2 da Lei de réxime xurídico da administración pública.

Actúa como secretaria Dores Sánchez Alegre, técnica de normalización lingüística da Deputación da Coruña.

A reunión iníciase coa revisión dos méritos das candidaturas presentadas.

Prodúcese unha primeira rolda de intervencións na que as persoas que actúan como vogais valoran a documentación subministrada. Valórase moi positivamente o proceso creativo e participativo do CPI ANTONIO ORZA COUTO, posto que é unha iniciativa que parte directamente do estudantado, que é quen de dar un xiro de guiión acompañando na perspectiva histórica cunha acción performativa moi orixinal, innovadora e lúdica.

Finalizado o debate vótase para elixir o/a gañador/a, tendo en conta os criterios que figuran nas bases do premio.

O xurado concede, por unanimidade, o Premio Escolar Francisco Tettamancy 2022 a:

### **- IES DE CACHEIRAS CIF S6500011I**

1.- Pola orixinalidade da proposta, a innovación no uso da linguaxe artística contemporánea, a integración dos distintos medios artísticos e a calidade na formalización. Valorouse moi positivamente a implicación dos diferentes departamentos do centro educativo así como o esforzo, durante a fase de difusión, por integrar a toda a comunidade educativa do IES.

A reunión dáse por finalizada ás 11 h. da que se redacta a presente acta.

María del Carmen Muíño Filgueira (presidenta)

Dores Sánchez Alegre (secretaria)